



CIRCULAR 1

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR

Narón, a 25 de outubro de 2021

A toda a comunidade educativa: pais, nais, persoal non docente e profesorado:

No DOG do 29 de setembro de 2021 publícase a Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a **celebración de eleccións dos membros dos Consellos Escolares** de centros docentes sostidos con fondos públicos.

No seu artigo 2º esta resolución di:

1.- **As eleccións** dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar **celebraranse entre os días 22 e 26 de novembro de 2021**, ambos os dous incluídos. A xunta electoral, co fin de que todos os sectores implicados poidan participar, cumprindo sempre con todas as medidas hixiénico-sanitarias e de seguridade marcadas pola crise sanitaria da COVID-19 e dentro das posibilidades de cada centro, establecerá un calendario para as votacións correspondentes.

2.- **A xunta electoral** regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, **constituirase entre os días 2 e 5 de novembro de 2021**, ambos os dous incluídos.

3.- De conformidade co establecido no artigo 31 b) de Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da Xunta Electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que **o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais**.

O artigo 30 do Decreto 92/1988 redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996 do 26 de xullo establece que **“ a organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que estará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos, e, de se-lo caso, un alumno ou alumna de educación secundaria; designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes”**.

O mesmo Decreto no artigo 31 sinala as competencias da citada Xunta Electoral:

- Aprobar e publica-los censos electorais, que deberán reflectir, en todo caso, nome e apelidos dos electores.
- Concreta-lo calendario electoral.
- Ordena-lo proceso electoral.
- Admitir e proclamar candidatos.
- Promove-la constitución das distintas mesas electorais.
- Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.
- Proclama-los candidatos elixidos e remiti-las correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Polo tanto, comunico a todos vostedes que, iniciando as actuacións do proceso electoral, o vindeiro mércores, **27 de outubro, ás 12:00 horas**, terá lugar na biblioteca do centro o **sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral**, tanto titulares como suplentes.

A DIRECTORA

Asdo.: Ana Ayala Rodríguez

